

## A MÚSICA DA DANZA DE SAN SEBASTIÁN DE ALDÁN

A danza de San Sebastián vai indisolublemente ligada a unha música xerada por dous instrumentos fundamentais que se conxugan nela: a gaita e o tambor, conxunto que está moi presente na música tradicional espallada por toda a xeografía galega. Á música destes dous instrumentos únense as castañolas, tocadas polos galáns e que lle imprimen ó conxunto un son que envolve todo o ambiente e a todos os presentes que acoden a ver a danza. O posto do tambor, que marca os pasos fundamentais na mesma, era antigamente ocupado por unha caixa, por ser o son desta o que mellor respondía os movementos dos danzantes.

A danza consta de dúas partes fundamentais: a primeira, a coñecida como danza, que se caracteriza por ter un ritmo máis lento e monótono; e a segunda, a contradanza, a ritmo de muiñeira, de máis rápida execución e máis curta en canto a duración.

Todos os movementos e debuxos que conforman a danza parten da figura inicial: tres filas de cinco compoñentes cadansúa, onde as damas ocupan o lugar central, e dúas filas de galáns nos laterais. Fronte a elas ubícase o guía principal, e, a súa dereita, os músicos: gaiteiro e tamborileiro.

415

The image shows a musical score for the dance of San Sebastián de Aldán. It consists of two main sections: the main dance and the contradanza. The first section is for the main dance, with a Gaita part in 8/8 time and a Tamboril part in 3/8 time. The Gaita part is written in treble clef, and the Tamboril part is written in bass clef. The second section is for the contradanza, with a Gaita part in 8/8 time and a Tamboril part in 8/8 time. The Gaita part is written in treble clef, and the Tamboril part is written in bass clef. The score is numbered 415 at the top and 192 at the bottom.

CONTRADANZA con que se termina la danza

A música atópase recollida nunha das obras emblemáticas do folklore galego: o *Cancionero gallego* de Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay, figuras destacadas do panorama etnomusical español. A partitura que se detalla nesta fonte non aparece recollida como a propia de San Sebastián de Aldán, senón que recolle a música da danza de San Roque da veciña parroquia do Hío donde, logo de describirla, cítase:

“En Aldán (Pontevedra) hay una danza igual y con la misma melodía. Se ejecuta el 20 de enero, fiesta de San Sebastián”.

Noutra das fontes máis importantes e significativas no campo etnomusicolóxico galego, o *Cancionero musical de Galicia. Texto y melodías*, obra de Casto Sampedro y Folgar, tamén se fai mención da danza de San Sebastián de Aldán, pero a música que se recolle nela é a da danza de

Darbo. Concretamente neste apartado cítase:

“En Aldán también hay danza, pero de menos importancia que la de Darbo. Toma parte en la procesión de San Sebastián, 20 de enero; y baila, además, ante las casas del

*Presentero*, hoy D. Joaquín Rodal Bermúdez de Castro, del Párroco y del Conde de Canalejas, que les dan tabaco, vino, naranjas...”

O feito de que aparezan estas referencias en dúas fontes tan importantes do folklore galego, danos unha dimensión da importancia e do valor que teñen, xa que as fontes etnomusicolóxicas referentes á Galicia son escasas.

Se nos centramos na coreografía propiamente dita, e para non detallar demasiado os debuxos da danza, faremos fincapé nalgúns dos movementos tanto da danza como da contradanza.

Dentro da primeira parte, de carácter máis lento e monótono, pero de especial elegancia, é de singular beleza o debuxo coñecido como “caracol”, que se produce no intre en que os primeiros compoñentes de cada fila saen describindo unha figura zigzagueante entre as filas do conxunto, guiados de cada vez polo galán ubicado na fila dereita (de man do guía), quen sae de espaldas e mantén esta posición ate que remata o debuxo, colocándose cada danzante implicado ó final da súa correspondente fila. O debuxo repítese cinco veces, tantas como membros de filas existen.



É tamén de destacar a figura final da danza, cando se producen os cambios de filas dos danzantes, que comezan as damas saíndo sobre a súa dereita e colocándose a esquerda do conxunto, á beira da fila dos galáns que ocupaban o lado esquerdo. De seguido repítese o mesmo movemento a fila dos galáns que estaban á dereita, quedando como figura resultante á inicial da danza.

Dentro da contradanza, de aire máis movido e a ritmo da muiñeira, é salientable pola súa destreza no movemento o momento no que as damas xiran sobre a súa dereita e diríxense ate o fondo do conxunto, onde forman unha roda. Repíten de seguido idéntico movemento cada unha das filas dos galáns, pero facéndoo cadansúa polo exterior, e formando dúas rodas máis. Logo, o guía visita cada unha delas, primeiro as damas, despois o corro da súa esquerda e por último o da súa dereita, invitando a bailar ós danzantes.



Xa para rematar, o guía vai buscar as damas ate ubicalas na posición orixinal, imitando o debuxo os primeiros galáns de cada fila, obtendo como resultado final a posición primixenia.